

# A GALICIA EMIGRADA CELEBROU AFERVOUDAMENTE A SUA FESTA NACIONAL

## A COLEITIVIDADE GALEGA TEN OS SEUS ORGAISMOS REPRESENTATIVOS

A colectividade galega de Bos Aires, foi sorprendida fai algún tempo, pola realización de certos homaxes, en honor de dirixentes políticos arxentinos que, polas súas características, tocantes a orgaización, desenvolvemento e oñetivos a lograr, merecen un esclarecedor e axeitado comentario.

Coidamos que comprende destacar, que unha das virtudes mais acusadas das nosas entidades na emigración, foi sempre a total prescindencia ou servada, respectivo de se misturar política interna do país onde moramos. Nin nos piores intre de desconcerto nacional, cando se puñan en xogo toda clase de suturfluxios pra presionar ós nosos dirixentes e obrígalos a adoutar actitudes de ousecuencia oficialista, poido ser trocada a tradicional posición dos nosos círculos representativos; os que, inda non fai moitos anos, souperon dar unha rotunda proba de barileza e diñidade opóndose a seren usados", pra lle render homaxe a un outo persoa xurrido naqueles intre, orgaizado por un irresponsable, cando xa as tarxetas tiñan sido espalladas.

Isto ven a conto, pola afanosa teima posta de manifesto por parte dos orgaizadores dos agasallos que comentamos, de les dar un carácter doadamente representativo da Galiza residente, xa que, maniobrando en procura de comprometer a presenza de caracterizados dirixentes das máis importantes entidades galegas, de feito foméntase o confucionismo, facéndolas aparecer como partes activas, plenamente identificadas cos homaxeados e por lóxica remenencia, embandeiradas coas doutrinas que representan.

Ningunha persoa, sensata e responsable, deixará de comprender o perigo e a gravidade que estes e outros feitos semellantes levan aparelados. En primeiro termo, polo torpe degato de que uns señores, que non representan nada e a ninguén, colectiva e institucionalmente, usen as nosas entidades pra oficiar de caudillos cando os seus caciquiles procederes, fixéronlles perder os postos directivos que outrora ousterantaron. I en segundo lugar, porque misturar a nosa colectividade en cuestións políticas do país, senta un precedente, que ademais de amenguar o prestixio que as nosas entidades souperon ganar, representa unha potencial perda de autoridade pra o seu futuro desenvolvemento.

A Galizia emigrada, conta con institucións dabondo representativas, como o Centro Galego, os Centros provinciales, a Federación de S. Galegas, a Irmandade Galega, o Consello de Galiza etc., pra que cada unha no seu carácter, interpreten seus patrióticos ansios enchendo unha misión clara e especificamente definida, cal e a de honrar a Galiza en todos los atributos que a particularizan, e fundamentalmente, loitar encol dos seus dereitos de autodeterminación. Os seus dirixentes, de probado valimento, honestidade e patriotismo, cáseque sin exceción, non poden ser ouxeto de manoseo que constitua o "uso" a que os someten os mercaderes de vaidades. As súas tarefas pra honra e prestixio de Galiza, teñen unha transcendencia e uns alcances, que cecais non todos logren comprender. Faltarían ó seu deber de galegos e de homes representativos de entidades serias e responsables, si se prestan a ser instrumentos das ambicións de caciquil ausulotismo duns señores, cuia mentalidade de "vedetes" da colectividade, soio se move encol de lle impor a todo e a todos, o seu despotismo e afán de mando; inda que, pra o lograr, teñan que botar man dos máis ensarillados amaños.

# A NOSA TERRA

ANO XLIII

Buenos Aires, Outono 1961

Nº 503

## TRASCENDENCIA DAS XORNADAS GALEGAS

A Galiza emigrada, como o ven faguendo todos os anos, celebrou con xúbilo as Xornadas Galegas orgaizadas polo Centro Galego de Bos Aires, as que, xerarquizadas pola presenza do ilustre Presidente da Academia Galega da Lingoa, doutor Sebastián Martínez Risco, abrangueron un brillo e unha transcendencia cultural e de afirmación da personalidade nacional de Galiza, estraordinarios. E esta emoción perante o 25 de Xulio, Día de Galiza, ouserveuse en todo o continente americano, particularmente nas grandes capitais onde moran colonias galegas.

Cunha documentada conferencia pronunciada o 12 de Agosto en idioma galego, encol do "Pensamento vivo de Castelao" polo doutor Sebastián Martínez Risco, na que abordou aspectos da súa obra artística, literaria e humanista, a que foi seguida con fondo intrés por todos os presentes xa que Castelao foi, i é, a figura cume na loita de Galiza a prol de súa autodeterminación nacional, deronse por findadas as Xornadas Galegas do ano 1961.

Foron dous meses arreo, de presenza de Galiza, na prensa, na radio e na televisión, na cátedra universitaria e nas saas de conferencias desta cidade de Bos Aires, multitudinaria e cosmopolita... Foi a presenza da Galiza eterna, asoballada e martirizada nos seus dereitos de povo, de nación, mais de cote espranzada, representada polo ilustre Presidente da Academia Galega da Lingoa, doutor Sebastián Martínez Risco, en espírito i emocionado contaito coa Galiza ideal que viveu e louvou Castelao; a Galiza libre en terra de liberdade que vive intensamente o drama da patria aferollada, e que sinte a responsabilidade que lle compre na esforzada tarefa de traballar arreo pola súa diñidade a autodeterminación nacional.

### AGASALLO O PRESIDENTE DA ACADEMIA GALEGA

Un fato de patriotas galegos ofreceulle a Don Sebastián Martínez Risco, ilustre Presidente da Academia Galega da Lingoa, unha cea íntima de agasallo que puxo de noto a admiración e simpatía que espertou o homaxeadado pola súa sabencia e lealdade a Galiza.

O agasallo que se orgaizou nun ambiente de ergueito patriotismo, contou co a adhesión persoal do Presidente do Centro Galego de Bos Aires, do Presidente da "Irmandade Galega", Presidentes dos Centros provinciales Ourensán Lucense, Coruña e Pontevedrés, do A. B. C. de Corcubión, Betanzos e da Federación de S. Galegas, ademais de calificadas personalidades da galeguedade.

Os postres ofreceu o Sr. Antón Alonso Ríos, seguindolle no uso da verba o Sr. Ramón Suárez Picallo quen, sinalou a laboureira de grande xerarquia intelectual desenvolada polo ilustre invitado nos medios galegos e arxentinos.

Apos o Sr. Suárez Picallo destacou a firme e decidida posición republicana e democrática, e de autodeterminación de Galiza da colectividade galega de Bos Aires fidel ós liñamentos do inesquecible guieiro Castelao.

Aseguido o Sr. Antón Alonso Ríos ofreceulle ó agasallado un fermoso album de estampas representativas da cidade de Bos Aires, e outro de estampas con temas do agro arxentino; e a distinguida dona de Martínez Risco, unha fermosa medalla de ouro coa lenda "lembanza de Bos Aires".

Martínez Risco agradeceu moi emocionado o agasallo e os ousequios, faguendo apos, a eixaltación das dúas Galizas: a que mora nos seus propios linderos, e a de aquén mar, labourando ambal as dúas, man a man, a prol da Galiza renacida que todos arelamos.

### FOISE D. SEBASTIAN MARTINEZ RISCO

Depois dunha estadía de

coase dous meses en Bos Aires foise en viaxe pra Terra D. Sebastián Martínez Risco, Presidente da Academia Galega da Lingoa, invitado de honor do Centro Galego de Bos Aires co gallo de desenvolver un plan de conferencias nas Xornadas Galegas do presente ano.

Don Sebastián Martínez Risco é unha das personalidades máis ilustres do noso país e a súa elevación a presidencia da Academia Galega da Lingoa pon de noto o outo prestixio intelectual e a afervorada afirmación as máis enxebres esenciais da Patria Galega. I é así que a xeira que enceta na Academia, polo seu patriotismo e sabencia, ha sere de grande colleita de madurescidos froitos pró ilustre idioma e a cultura de Galiza.

Ademais das conferencias que tan brillantemente pronunciou nas Xornadas Galegas, o ilustre visitante foi invitado a ocupar a tribuna nas Facultades de Filosofía e Letras e de Dereito na Universidade de Bós Aires, e no Instituto Popular de Conferencias do xornal "La Prensa", onde disertou encol de temas culturais galegos deixando nos presentes, arxentinos e galegos, un mensaxe de outa xerarquia espiritual da Galiza renascida.

Nosas felicitacións as autoridades do Centro Galego de Bos Aires que, ó prestixaren as Xornadas Galegas coa presenza, cada ano, das máis ilustres e representativas personalidades da nosa Terra, acrecentan e afondan cada vegada máis as relacións fraternas e culturais entre ambos países, Arxentina e Galiza.

## O Consello de Galiza Premiou o Centro Galego

O 25 de Xulio, Día de Galiza, as 18 horas, a Galiza emigrada, como o ven faguendo todos os anos, lembrou a Rosalía con afervorado homaxe. O pé do moimento que perpetúa o meirande poeta da nosa raza e da nosa patria, foron pousadas devotamente as oferendas froreas do Centro Galego dos Centros provinciales e do Consello de Galiza.

Abreu o aito o Segretario da Comisión de Cultura do Centro Galego señor E. Sanchez Millares, falando a seguido o Presidente da Academia Galega da Lingoa, doutor Sebastián Martínez Risco quem, en inspiradas imaxens poéticas, e asociando o nome de Rosalía ó de Castelao na inmortalidade puxo de releu o mensaxe que pra nos os

galegos supou a vida e a obra da insiñe Rosalía.

Findado o aito, o numeroso público asistente trasladouse a saas de Xuntas do Centro Galego onde tería lugar a entrega polo Consello de Galiza ó Centro Galego na persoa do seu Presidente, señor Ricardo Badía, do premio Castelao, recentemente creado, co gallo de premiar a entidade ou persoa que nos derradeiros tempos máis se haxa distinguido pola súa laboureira a prol da eixaltación de Galiza da súa cultura e personalidade diferenciada.

O premio consistiu nun artístico pergameo realizado polo pintor Marcos de Abelenda con temas galegos representativos, e unha medalla de ouro como eispresión de lealdade a patria.

Fixo a oferenda o conselleiro de Relacións do organismo oferente doutor Ramón Suárez Picallo pondo de noto a laboureira que a prol da cultura e a eixaltación da personalidade nacional de Galiza ven desenrolando a cotío o Centro Galego de Bos Aires, o que o fai merecente atal distinción.

O señor Ricardo Badía, en nome do Centro Galego de Bos Aires, con verbas que por intre contaba a emoción, agradeceu o agasallo, afirmando que o sentirnos galegos e labourar arreo pola cultura e a diñificación i eixaltación da personalidade de Galiza como povo, é a obriga e o deber de todos e cada un de nós, sendo moi aprausado o señor Badía o findar de pronunciar suas afervoadas verbas.

## ENCOL DUNHA CONFERENCIA NA CASA DE GALIZA

Xa en prensa este número e na imposibilidade de comentar en extenso o tema tratado polo señor Liño Pérez na conferencia que leu o día 7 de outono na Casa de Galiza de Bos Aires, informamos ós nosos lectores que este asunto será analizado como compre na próximo número de A Nosa Terra.

Nembargante, debemos cecais aclarar que o señor Liño Pérez escolleu ex-profeso o local da rúa San Xoá coa teima para ele saudable de se sentir "protexido i en clima" diante das afirmacións que o situan como un acólito e propagandista do funesto réximen falanxista.

Preguntamos: ¿Qué se agacha detrás de todo isto?... Pois eoidamos que o señor Pérez non anda só no choio...

# REVOLDAINA

NO PROGRAMA das Xornadas Galegas deste ano organizadas polo Centro Galego, chamounos a atención o recital lírico poético "El Cid Campeador" en homaxe ao doutor Ramón Menéndez Pidal, realizado no salón Castelao o xoves 3 de agosto.

E nós preguntamos: Qué relación ten o ilustre historiador e Filólogo hespañol nado na Coruña e o Cid Campeador cas Xornadas Galegas? Porque, que nós seipamos, o esgrevio historiador é un dos galegos máis talentosos pasado o idioma e á cultura imperialista; e o Cid Campeador ven sendo unha das súas descubertas e creacións: limpouno da innobre condición de mercenario, deulle brillo, adoviouno coas meirandes virtudes cabaleirescas e... aí o tendes ó mito hespañol viviño e coleando...

Insistimos: qué pito toca nas Xornadas Galegas o Cid Campeador e cal é o gallo do homaxe ao ilustre historiador hispano?

E XA QUE estamos de revoldaina co programa das Xornadas Galegas, botémoslle unha esguellada ó do Centro Lucense, ista puxante e dinámica entidade galega que tanto está a faguer a prol da nosa cultura.

Vexamos: no concerto programado para o día 22 de xulio no seu casal de Olivos, comeza así: "Himno Os Pinos" de Pondal...

Señores directivos: Como así as istas alturas...? O "Himno ós Pinos" de Pondal, por unanimidade e propia determinación do povo e na emigración, tomou estado e xerarquía de Himno Nacional Galego, Himno con tradición e Mártires como a bandeira branca e azul, e, a título informativo, diremos que na propia Galiza baixo o franquismo, nas festas de María Pita do pasado ano na Cruña, figuraba o Himno Galego abrindo o aito central dos festexos...

E XA QUE DO MIMNO se trata, levemos de novo a revoldaina acarón das Xornadas do Centro Galego...

Na velada artística programada pró día 29 de xulio no Teatro Colón, ábrese así o aito:

Himno Nacional Argentino  
Himno Gallego

Por qué ista diferenza "nacional"? E que o Himno Galego non é nacional? Entendemos que Galiza é unha Nación xa que constituímos un povo historicamente existente, cultural e racialmente diferenciado, o que quer decir que en base a estes principios, Galiza é unha nación (o de rexión é un termo xeográfico que non ven ó caso) e todo o que dela proveña Himno, bandeira, folklore, historia, tradicións, idioma, cultura, arte, etc., é nacional. E no que ó Estado se refire, ven sendo nin máis nen menos que o artellamento xurídico da Nación... que a iso estamos os galegos "bós e xenerosos", señores directivos...

E COMO NON TODO han sere broneas, vaian as nosas máis afervoadas felicitacións a Comisión de Cultura do Centro Galego de Bós Aires pola patriótica decisión ó artellaren e por en marcha o novo plan trienal —1961, 1962, 1963— do Concurso Literario Musical cos importantes premios de cincuenta e cen mil pesos, o que de feito o convirte no concurso máis importante do esperecido mundo galego, e fará, o non pomos en dúbida, que concurran ó mesmo traballos de outa xerarquía literaria e musical.

DON BLAS PIÑAR según din en Hespaña, andou e andou arreo durante cinco semáns por terras do Brasil, Arxentina, Uruguai, Chile e o Paraguai...

E quen é don Blás? —preguntaredes— un trotamundos? Non, Don Blás, así como soa é nin máis nen menos que o director do Instituto de Cultura Hispánica, según "Ya", xornal falanxista madrileño, quen ó impornos da pimpante persoalidade do viaxeiro ponnos ó tanto dos seus hespañolísimos éxitos e salerosos andares por itas ceibas e democráticas terras americanas...

Máis escoitemos a Don Blás:

"Foime doado ollar nistas nacións xuventude con senso social, revolucionario e nacionalista, á que seduceu o noso plantexamento cristiá i hespañol dos problemas aitoais, como solución dun mundo en crise".

"Ollan en nós (no falanxismo hespañol) unha postura valente, auténtica e con capacidade de arrastre perante a mística marxista. Emocións e adhesión que inzo nas xuventudes americanas iste prantexo ó sere eisposto, e por elo coidamos, que é ista a hora de Hespaña en América" (!)

Convañemos en que temos unha moi proñe idea de Hespaña e dos hespañois o que nos leva neste caso a non tomar en serio nin o mesmísimo director do Instituto de Cultura Hispánica, iste pimpante Don Blás, versión franquista de Tartarín, que fixo un fantasioso viaxe por terras de América... e o coitado non pasou de Cadiz...

LOURENZO FRAGOSO

## EMIGRANTES GALEGOS NO POLO NORDE

No xornal falanxista madrileño "Ya" aparec a toda plana unha nota co suxectivo título de "Emigrantes gallegos en el Polo Norte" firmada en Oslo (Noruega) polo señor Augusto Assia, colaborador viaxeiro do devandito xornal falanxista.

Aténdonos ó que dis o xornalista madrileño, pasan de cinco mil os galegos, todos provintes das Rías Baixas, enganchados na frota mercante noruega e nas fábricas dise austral país, e inclusive, afirma da existencia de galegos nas factorías de arenques en territorio próximo ó Polo Norde...

Diciremos a todo isto, que pró despreocupado xornalista franquista o eísono galego ás xeidas e inhóspitas terras polares ven sendo unha aventura máis da nosa raza soñadora e viaxeira. Espallámonos por América adiante e agora andamos a "conquistar" o Polo...

O que non acara o xornalista de marras son as verdadeiras causas que empurran ós "soñadores" galegos a deixaren a súa Terra, que é a careza de traballo e os xornais de fame, a falla de liberdade e horizontes que esprancen unha vida millor e máis diña.

## Lembrouse os Mártires

O 25 de Agosto pasado, no Casal do Centro Betanzos, a Comisión Intersocietaria Galega lembrou con afervoada devoción patriótica o Día dos Mártires Galegos.

Deu comezo o aito co Hino Nacional Galego, e após, fixo uso da verba o segredario da Federación de Sociedades Galegas, señor Alberto Portas, quen afirmou un permanente e afiuzado espírito de loita contra o falanxismo, que aferrolla a liberdade do noso povo, mais elo, en base á unión de todos os galegos, e con oxetivos concretos pra que a loita sexa eficaz. O orador foi moi aprausado na súa eisposición.

Fechou o aito o Doutor Ramón de Valenzuela quen, con afervoado acento condenou o centralismo meseteiro e ultramontano hespañol, que retraxou o normal proceso de evolución no orde espiritual i económico do país galego.

Condenou o réxime falanxista, culminación do centralismo reaccionario hespañol que inzo ó noso país polo procedemento do terror homicida, na opreición máis feroz e despiadada; e, a seguido, eisaltou o orador a memoria dos nosos mártires que deron xenerosamente a súa vida en defensa dos seus ideais democráticos e republicáns, e pola autodeterminación de Galiza.

## A Irmandade Galega Escolleu Novas Autoridades

No pasado Nadal a "Irmandade Galega" realizou asemblea xeral escollendo novas autoridades, recañando o nomeamento nos seguintes irmandiños:

Presidente: D. Daniel Calzado; Vicepresidente, D. Anton Represas; Secretario, D. Manuel Pedreira; Sec. de Aitas, Srta. María Olga Ares; Tesoureiro, D. Ricardo Flores; Vocais: Sres. Bieito Cupeiro, Alfonso Souto Corbelle, M. da Presa, Mancel Sinde. Vocais Suplentes: Lois Guede y Antón Rodríguez.

## O Centro Coruñés Lembrou a María Pita

O Centro Coruñés de Bos Aires celebrou no seu casal social, Sarandí 847, con un programa de festexos conmemorativos das tradicionais festas coruñesas do mes de agosto, que lembran á heroína María Pita, con dúas conferencias a cargo dos escritores coruñeses, Xosé Blanco Amor i Emilio Pita; e un xantar, ó cual concurriron, ademais das autoridades e numerosos asociados e simpatizantes, persoalidades representativas da colectividade galega, faguendo uso da verba o presidente da entidade, señor Antón Vázquez, referíndose ó gallo do aito que se estaba celebrando.

"La Coruña en la vida que nos dan", foi o tema tirado da súa celebrada novela de ambiente galego, "La vida que nos dan", que o xornalista i escritor Xosé Blanco Amor desenrolou maxistralmente perante o numeroso público asistente, colleitando moitos aprausos o disertante.

A segunda conferencia co suxectivo título "A Coruña na literatura universal" estivo a cargo de Emilio Pita quen foi apreentado polo poeta arxentino Victor Molinari con verbas axustadas e precisas, pondo de releu a personalidade coruñesa e a fina sensibilidade de poeta e musicólogo galego do conferenciante.

A disertación que nos brindou Emilio Pita, consistiu nun axeito de ben documentado anecdotario histórico-literario da cidade da Coruña, que mantivo tensa a atención do numeroso público que enchía a sala, relatando as impresións de viaxeiros ilustres que pasaron pola cidade terculina, i escritores que se ocuparon de.a, tomándoa como escenario das súas creacións literarias, non fallando no percorrer da amena e ilustrativa disertación a nota humorística, e sobor de todo, é por de novo a esgrevia e orixinal personalidade galega da cidade devandita.

O conferenciante foi moi felicitado pola súa mañífica disertación.

## NOVAS AUTORIDADES DO C. PONTEVEDRES

Dacordo o resultado dos comicios efeitoados por ista entidade o 28 de Xunio ppdo. a Comisión Directiva que ha gobernar a institución na xeira 1961-62 é a seguinte:

Presidente, señor Darío Cobas; Vicepresidente, Sr. Benjamín González; Segredario señor Antón Rodríguez Escudero; Prosegredario, Sr. Uxío García; Tesoureiro, Sr. Lino Villaverde; Protesoureiro, Sr. Xesús Fraga. Vocais tidoares: Sres. Manuel Pazos, Xosé B. Iglesias, Xosé Cabanas, Antolín Dios, Xosé M. Castro, Alberto Moldes, Bieito Ceirexo, Xosé M. Campos, e Manuel Argibai.

Os nosos degaros dunha froitífera labouira a prol dista progresista entidade, e dos seus nobres anceios acarón da patria galega lles desexamos os integrantes da nova Xunta de Goberno.

## 25 Cabodano do Plebiscito do Estatuto Galego

O 30 de xunio derradeiro a Comisión Intersocietaria Galega realizou no salón da Federación de Sociedades Galegas un importante aito pra celebrar o 25 cabodano do Plebiscito e no cal Galiza toda se pronunciou afervoadamente a favor do réxime autonómico que poría nas mans dos galegos a goberno do país.

O aito deu comezo co Himno Nacional Galego interpretado pola coral "Brétemas e Raio-las" que, ademais, cantou un mangado de cancións populares; e o ben disciplinado corpo de danzas da agrupación executou maxistralmente mui-

ñeiras e xotas que arrincaron afervoados aprausos de entusiasmo no público asistente o aito.

Após, ocuparon a tribuna o señor Xesús de Zabala en nome dos vascos e o doutor Rocamora polos cataláns, fechando o aito o doutor Ramón Suárez Picallo, quenes se referiron elocuentemente o significado e trascendencia do Plebiscito de Galiza do 28 de Xunio de 1936, como unha eispresión de liberdade e renacemento de Galiza na súa persoalidade nacional, e no orde económico, o deserolo das súas fontes de riqueza.

## SECUESTRO ABORDO

En ocasión da chegada a Bos Ares, dun trasatlántico de pasaxeiros antre os cuais viña unha ilustre persoalidade galega en calidade de hóspede de honor dunha importante e prestixiosa entidade galega dista capital e, habendo feito aito de presenza na nave o presidente e persoeiros da dita institución co gallo de lle presentar os seus saúdos ó distinto viaxeiro, foron sorprendidos por unha audace e rapidísima "Operación comando" de secuestro tan habilmente orgaizada, que nin tempo lles deron ós directivos co seu diño Presidente a cabeza, a saudaren ó ilustre hóspede. E cando reaxeron do seu pasmo: xa os aventaxados guerrilleiros fixéranse fume levándose o distinguido viaxeiro...

Conveñamos, en que non sabemos ben, se admirar ós integrantes do "Comando" de marras pola súa audacia, habilidade e rapidez na acción, diños, abofé, de figurar no máis moderno exército de invasión, ou condenar o feito polo que en sí ten de irresponsabel, de descarado e irrespetuoso...

## Petitorio o Presidente da Academia Galega da Lingoa

No agasallo que o día 24 de agosto se lle rendeu ó Presidente da Acadameia Galega da Lingoa doutor Sebastián Martínez Risco, o Presidente da Irmandade Galega señor Daniel Calzado fíxolle entrega dun petitorio que interpreta doadamente o sentir e as arelas da Galiza emigrada.

Bos Aires, agosto de 1961.

Doctor Sebastián Martínez Risco, Presidente da Academia Galega da Lingoa Presente.

Da nosa meirande estimanza:

A Irmandade Galega, que avencella en Bos Aires ós galegos que sinten as iniquidades dunha laboura patriótica e nutren o seu quefacer con un nido sentimento de Patria, por intermedio seu, como Presidente da Academia da Lingua Galega, desexamos poñernos en contaio caos xentes que na Terra pensan tamén que unha gran laboura galega está en espera de ser realizada para soerguer a nosa Patria do seu sono secular i-enroitala por vieiros que permitan a cristalización dos nosos degoiros nacionais facéndolles coñecer o sentir da Galiza emigrada a prol de tan transcendental problema.

Para os galegos emigrados Galiza ten deixado de ser unha espida eispresión de paisaxe físico e humán, para trocarse, como decía Castelao, na única Patria dos galegos; na Patria a que debemos abnegación i-esforzos nun afán colectivo de resolver o futuro de noso povo. Como tal, Galiza non pode ser considerada unha sociedade estática, senón un ente vivo, pleo de problemas políticos e sociais i-económicos propios, que compre resolver de acordo coas súas propias necesidades o angueiras, con un espírito epido de prexuízos, ollando cara o futuro sin desalentarse por circunstancias negativas presentes e sin deixarse desviar por conceitos nascidos dun valeiro sentimentalismo costumbrista.

A triste esperiencia vivida por todos os povos asoballados estanos a decir con claridade que o dereito natural dos povos a ser ceibes non é unha forza valedeira se non é exercitada pol-os seus cidadáns nunha rexa vontade de ser diferentes. E por elo os galegos emigrados sabemos que para achar a solución dos nosos problemas debemos realizar unha laboura de mañitude, a laboura que os nosos poetas en profecía eixempran veñen pregoando dende os Precursores, erguendo o espírito das nosas xentes, facéndolles tomar conciencia do seu propio valer, dos profundos e inmensos valimentos do seu povo e das reservas potenciaes da súa Terra.

Nesa laboura de espertar a conciencia cidadán do noso povo, os galegos emigrados coídamos que o noso idioma é unha ferramenta fundamental. Non somos de ningún xeito folkloristas saudosos que cegados pol-o amor a Terra e pol-a fermosura da nosa fala pensemos que o cultivo literario do noso idioma sexa a pedra angular no renacemento galego, pois sabemos que só un povo con iniciativa propia, en busca do seu propio destino pode ser suxeto de cultura.

Se o idioma é sempre unha das características fundamentaes d-unha nacionalidade, no caso do povo galego coídamos que ceais sexa o factor fundamental no noso proceso de recuperación dun pleo sentido nacional, pois ademais de ser o corpo sensible da nosa cultura, a través dos séculos de opreixón foi coase que o único venello que identificou aos galegos coa Terra e mantivo late-xante o espírito nacional.

Por elo os galegos emigrados

vemos no idioma un resorte fundamental no rexurdimento do noso povo e na laboura de acadar o disfrute pleo dos nosos dereitos nacionais. I en tal senso coídamos que a Academia da Lingua Galega pode desenrolar unha trascendente laboura, non só estruturando e fixando o idioma, senón tamén, fundamentalmente, procurando a súa difusión, utilizando a nosa lingua en total-as súas comunicacións, boletíns e demais publicacións, como un exemplo estimulante para o seu emprego por total-as xentes galegas de valia.

Nós sabemos das limitacións e dificultades que esa Academia achará no seu camiño para desenrolar unha laboura de esa sinificancia, pero sin dúbida que o patriotismo dos seus ilustres integrantes acharán o xeito de sumar ese mañífico esforzo a tarefa común.

Na seguranza de que vostede será un afervoado intérprete das nosas iniquidades diante de todol-os membros da Academia, saudamos a vostede coa meirande estimanza.

Daniel Calzado, Presidente. — Manceo Pedreira, Segretario.

## COMUNICADO DO CONSELLO DE GALIZA APENDICE A AITA DE FUNDACION

O Consello de Galiza CONSIDERANDO:

1º) A necesidade de aitar a loita en defensa das aspiracións do povo galego, co gallo de satisfacer os seus anxeos de liberdade.

2º) Que é mester axeitar o movemento patriótico galego, as circunstancias do intre actual, que pola acción dos anos teñen desaparecido algúns conselleiros e poden desaparecer outros mais, sin que até o de agora, poideira o povo galego manifestar democráticamente a súa vontade e conferir mandato a novos representantes.

3º) Que tanto no seu espírito como na súa letra, a Aita de fundación contén, con previsor criterio, a asistencia de limitado número de patriotas dispostos a traballar por Galiza, sempre sexan diños de tan honrosa misión.

4º) Que na gran asamblea de patriotas galegos, realizada baixo a dirección deste Consello o 13 de xuño de 1960 así o dispuxo por unanimidade, o que foi reiterado agora, polo pedido da totalidade dos Segredarios das Comisións de traballo, por acordo do día 5 de Maio de 1961.

Iste Consello de Galiza en uso das súas facultades actuando en calidade de Fideicomisariato da

lexítima vontade democrática do povo galego.

RESOLVE:

1º) Ampliar o "Consello" coa designación de novos membros co gallo de que, coa súa acción e representación reforcen as actividades e misión que lles están encomendadas.

2º) Facer que iste momento recaia en patriotas galegos que, pola súa representación, capacidade, prestixio e seu amor a Terra galega, así como polos seus ideais democráticos e sentimentos de galegitude sexan diños de tal distinción.

3º) Facer pública ista resolución, co oxeto de satisfacer patrióticas iniquidades, e procurar unha meirande reactivación do noso labor.

Polo Consello de Galiza: Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Elpidio Villaverde Rey.

Bos Aires, Maio de 1961.

### APENDICE AMPLIATORIO DA AITA FUNDACIONAL

VISTO: O testo de Aita Fundacional do Consello de Galiza, redactada polo noso guieiro inmortante, Alfonso R. Castelao, despois de consultar e conque-

## A Barbarie Falanxista a Renovarse a Cotío

### DECRETO DE REPRESION

Nos 25 anos que leva apreixoando a Galiza e demais povos ibéricos, o falanxismo ten dado mostras dabondo da súa sanguenta acción e da máis alta capacidade de odio, endexamais superada nos séculos anterios.

Todol-os povos que tiveron a desgracia de verse envoltos en loitas fraticidas souperon no tempo curar d-esas dorosas feridas e achar roitas de convivencia e dun quefacer nacional. Isto que é natural en todolos povos civilizados do mundo non é posíbel esperalo do espírito castelán, árido como a meseta, que pol-a contra ven encirrando día a día novos odios e fechando total-as portas que poideran ir abrindo novos horizontes. Por algo se ten dito que Africa empeza nos Pirineus e ninguén como os falanxistas percura meirande fidelidade a esa aldraxante tradición. Por elo están a dar cada día novas mostras de barbarie e ceais ningunha tan perfeita e demostrativa como o derradeiro Decreto de Represión dado pol-o ministro de gobernación, tenente xeral Camilo Alonso Vega, verdadeiro "sibarita" do odio, formado en escolas tan decisivas como a guerra de Marrocos, a Dirección do Ensino Militar e a través de 14 anos de trasteiramente famosa Guardia Civil.

Ese decreto establece expresamente que "serán considerados reos de delito de rebelión militar os que espallen noticias falsas ou tendenciosas co fin de causar transtornos do orde público interior ou desprestixio do Estado, institucións, goberno, exército ou autoridades", así como "os que de calquer xeito se xungan, conspiren ou tomen parte en xuntanzas, conferencias ou manifestacións".

Este espantoso decreto, propio dos godos, ten un axeitado remate: as persoas que o infrinxan serán xulgadas mediante procedemento sumarísimo pol-os tribunales militares e serán pasibles de penas dende reclusión menor até a morte. Elo

quere decir que en xuízos nos que non porán aitar abogados, un tribunal militar composto de persoas que deben obediencia ao ministro de exército e non son profesionales do dereito, pode ser condenada unha persoa a pena de morte por calquer motivo.

Barbarie tal é incocebible neste século. Constitue unha mostruosidade acabada do pensamento falanxista, da súa "vontade de imperio" e da súa Hespania plea de cimiterios. Solo ese espírito reseco, intransigente e obtuso da meseta castelán pode ser capaz dunha mostra igual. Pol-o demais este non é nada novo nin descoñecido. Xa quedou amostrada na toleria de odio e sangue en que asolagaron a península e fai puoco tempo voltou a porse de evidencia e percorreu os diarios de todo o mundo cos procesos de intelectuales. De todos estes procesos é outamente demostrativo o seguido en 1959 ao diplomático franquista Julio Cerón Ayuso, de longa e prestixiosa actuación nos medios culturais, católicos e aínda eclesiásticos de Hespania, que foi acusado de contatos con grupos federales i-esquerdistas, e pol-os seus proietos de crear unha especie de "progreso cristiano" ao xeito de outros países europeos, movido pol-as súas iniquidades fronte aos terribles problemas sociais creados pol-a miseria na Hespania franquista.

Neste proceso o fiscal militar, todo un coronel de aviación, fixo afirmacións que definen a súa acusación de supostos contatos con esquerdistas e comunistas, manifestou cruda mente e que "tamponco foi mester demostrar, durante a "Cruzada de liberación" os fundamentos do delito de rebelión militar pol-o que foron xulgados e condenados (a morte) miles de hespaníes"... "Tamponco vamos agora a deternos porque falta no sumario unha valoración filosófica do comunismo da que se deriva a actuación delictiva dos

acusados. Ben suple esa falla o millón de mortos que caeron en defensa dos valores sacrosantos que perseguiu o comunismo i-a vontade de imperio que dende 1936 impulsa e obriga aos hespaníes a defensa deses valores espirituales".

Pavera e tráxica argumentación deste aviador posto a fiscal e "teorizador" de dereito e filosofía. Fan un millón de mortos do xeito máis criminal e inhumán e logro xustifican a súa acción con ese millón de victimas inmoladas na súa barbarie e salvaxismo...

Embalado xa ese fiscal na súa argumentación, para xustificar o cargo de rebelión armada dos procesados, aínda que en ningunha parte do mundo civilizado se acepta a condena por analoxía, para ele como a lei non establece de qué armas se trata "e indudabel que se refire o mesmo as armas bélicas que as puramente dialécticas, sobor de todo cando estas poden resultarlle ao Estado máis peligrosas. E que alguén pode por en dúbida que as vegadas resultan máis destructoras unha octivilla que un fusil, un aparello de televisión que unha ametralladora?"— di este "bizarro" militar hespaní que cal novo Quixote parvo quere loitar contra as ideas e o senso común.

Ese fiscal, que afirma pelen-grinamente que os conceitos de patria i-exército son a mesma cousa, pon de manifesto nidamente a incapacidade do falanxismo non xa para resolver, senón tan siquiera de enxerguer os problemas que afectan a Hespania. Eles non conciben que unha folga non sexa un atentado contra a seguridade do Estado nin que as nacionalidades ibéricas asoballadas teñan o dereito de achar no federalismo a solución aos problemas comúns. Para eles Castela sempre ten a razón i-os que non comulgan coa súa visión dos problemas o exterminio da fogueira. A verdade, a lóxica, o raciocinio, son cousas que Castela só porá aceptar por imposición forzosa, i-os vascos, cataláns e galegos xo coñecemos. . .

rir a opinión dos Diputados galegos, residentes uns nista cidade de Bos Aires, e outras capitales de Europa e de América, en calidade de eisilados políticos, elexidos libremente o 18 de Febreiro de 1936, e confirmada a sus misión representativa, no histórico Plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza, do 28 de San Xoán do mesmo ano de 1936, fai agora xustamente, 25 anos.

VISTO TAMEN: Que no devandito, amóstranse dous aspeitos nun formal e adxetivo, que determina que os componentes do Consello terán de ser Diputados galegos; e outro, sustantivo, que lle confire á Entidade, a condición e xerarquía de "Fidei Coimsariato" da vontade soberana do povo galego, función e condición políticas, que ficaron rematadas, no intre mesmo en que Galiza recupere o dereito a elexir libremente, os seus representantes novos, en forma democrática, e:

CONSIDERANDO: Que, dende a fundación do Consello, até os nosos días, morreron moitos dos seus membros fundadores, ficando reducido, na actualidade, a solo os tres Diputados que o inteiran oxe: Antón Alonso Ríos, Elpidio Villaverde Rey e Ramón Suárez Picallo; persoeiros que, pola súa idade e por outras circunstancias de obvía mención, poden desaparecer tamen, e deixar sin vixencia a Institución e truncada a súa finalidade eisencial, que é o "Fidei Coimsariato".

Que os actuales conselleiros, temos a obriga de evitar ista posíbel interrupción e prever a continuidade espiritual, patriótica, cultural e política do Consello de Galiza, a xeito de prolección da Patria, e da súa personalidade de povo e de Nación. Que pra ista previsión, o Consello debe ser ampliado con persoas, que, polo seu probado patriotismo, polo seu senso nacional galego, polas suas labours patrióticas, e por un certo grao de representatividade nas institucións da nosa coletividade, resulten unha garantía pra as ideas os principios, os fins, e os propósitos que inspiraron a súa fundación.

Que, por outra parte, dende o mesmo intre do seu nacemento, o Consello de Galiza recibiu o conocimiento, o respeto, a estimanza e o mandato de total-as entidades representativas das coletividades galegas de América, como organismo símbolo de vontade política do povo galego; e, tamen, como organismo reitor desta Galiza americana, en orden o espírito, a cultura e o senso moral da Patria galega, trasuntando na vida social distes novos povos, e nacións da nosa América; e que, por ise senso trascendente e trascendido, o Consello de Galiza, aínda despois de rematar na Patria a súa misión, especificamente política, debe de seguir tendo vixencia moral, cultural i espiritual na Galiza americana.

POR TODO O CAL: O Consello de Galiza acorda ampliar a súa composición, procedendo o momeoento de novos conselleiros, os que serán designados dentro de breve plazo.

Dado en Bos Aires, o día 3 de Maio de 1961.

Ano do XXV aniversario do Plebiscito do Estatuto Autonómico de Galiza.

Elpidio Villaverde Rey  
Ramón Suárez Picallo  
conselleiros

Secretario  
Antón Alonso Ríos

# GALIZA, RIQUEZA E PROBEZA

Os baixos rendimentos económicos que outeñen os labregos galegos no seu duro trafegar, non son pra os que vivimos acarón dos problemas de Galiza, ningunha novidade. Os campesiños do noso país, teñen que producir na súa pequena facenda, as patacas o pan e o resto do sustento que precisan; pouco é o que lles queda pra vender, e o pouco que venden, ten de ser como eles mesmos din, sacándollos ó corpo, e decir: privándose do seu disfrute. Galiza é potencialmente, un dos pequenos países máis ricos de Europa. Naturalmente que baixo o primitivismo económico con que actualmente se desenvolve, non porá endexa-mais fornecer requizas dabondo como pra facer siquer levadeira a vida dos seus moradores. Pra que as devanditas riquezas sexan requintadas, faise mester, urxente e indispensable, o troque total da estrutura económica galega. Se non pode crear riqueza nos pequenos minifundios aituales, con xeitos de traballo primitivos e desarranxados, producindo somentes artigos pra o propio consumo, sin marxe pra comerciar e suministrar materias primas a industria que é mester non somentes pra fornecer a autarquía económica galega, senón tamen, pra fornecer traballo remunerador ó excedente demográfico dos eidos labregos.

Mais, sabemos que todo elo é imposible baixo o sistema político vixente. O único xeito de lograr finalidades concretas na teima de redimir económicamente a Galiza, é posibilitar a estrutura dun réxime político que afínque seus alicerces no mesmo elemento produtor. Ten de ser o povo galego, artífice do seu propio destino; soio dele terá de xurdir o poder reitor que estea ó seu servizo e aique encol da súa grandeza.

Non son as nosas ideas, utopías irrealizabels nin soños de visionarios. Pra demostrar a factibilidade dos nosos patrióticos anxeos, temos de establecer algunhas comparanzas entre Galiza e dous pequenos e progresistas países europeos, moi semellantes ó noso no tocante a superficie, xeografía e fontes de riqueza; pero máis afortunados en canto a xeitos de goberno, pois eles non están como nós, suxetos a un poder alleo, incompetente, tiránico e marca e Holanda.

Dinamarca ocupa unha superficie de 42900 Km<sup>2</sup> dos cales bárbano, referímonos a Dinamarca, 10.000 fican cubertos polas dunas, centros urbanos, terras asolagadas etc. Val decir; que dispón dun territorio útil un pouco meirande que o de

Galiza que é de 29.000 Km<sup>2</sup>. Mais namentras a nosa Tierra dispón dunha cabana de 696.957 vacunos, Dinamarca conta con 1.600.000 vacas leiteiras, de raza escolleita, que producen 5.000.000 de Tm. de leite, do cal resultan unhas 156.000 T. de manteiga, das que 140.000 Tm. anuales son destinadas a exportación. Compre por de manifesto, que o gando dinamarqués, somentes pode sair dos seus establos, entre os meses de maio e setembro, debido o longo e rigoroso inverno nórdico. No tocante o rebaño porcino, namentras Galiza atesoura 323.000 cabezas, ten Dinamarca 3.200.000 cabezas, val decir: que por cada porcino que temos nos, Dinamarca ten nove, e así en idéntica proporción acontece co gando cabalar, mular e ovino.

Con Holanda acontece un feito semellante: Ten iste pequeno gran país 32.000 Km<sup>2</sup> pouco mais de dous mil Km<sup>2</sup> de superficie superior a Galiza; pero en Holanda moran nun estado de fartura e liberdade 11.000.000 de habitantes, namentras en Galiza apenas mal viven 2.600.000, i— os restantes teñen que emigrar. Holanda non é precisamente un país rico no que a produción de materias primas se refiende, moitas das cales vese na necesidade de importar; non embargantes, Holanda mantén un dos comercios de exportación máis aituos de Europa, figurando no primeiro lugar da exportación mundial en papel de palla. No segundo lugar na de fio de rayón. O segundo lugar na de cerveja, e o primeiro na fécula de pataca. Mais para demostrar doadamente a desemeianza que eiste entre Holanda e Galiza, no tocante o comercio de exportación, valan algunhas cifras referentes a algunhos rubros exportados por Holanda no ano

1954, en todo los cales Galiza fica en cero absoluto:

Radioreceptores e outros aparellos eléctricos, pra o fogar e a industria 575.000.000 de florins, uns 9.775.000.000 de pesetas.

Produtos textiles, seda artificial, tecidos de lán, liño, algodón, cáñamo, yute, etcétera 987.000.000 florins, equivalentes a 16.779.000.000 de pesetas.

Produtos fertilizantes, pinturas, barnices, tintas, perfumes, caseinas, colas etc. 579.000.000 florins, ou sexa 9.843.000.000 de pesetas.

Papel, cartón, artigos de papel, produtos gráficos 240.000.000 de florins ou sexa 4.080.000.000 de pesetas.

Somentes nistes catro rubros, percebe Holanda 40.477.000.000 de pesetas 14.000.000 máis que a renda total de Galiza en todos os ringlas da súa riqueza, que ven sendo nos derradeiros anos de aproximadamente 26.000.000 de pesetas. E si o exposto non abundara e pra completar o panorama comparativo con productos agrícola-gandeiros, digamos que namentras o país galego produciu 22.000.000 de dúcias de ovos, Holanda outen 173.000.000. En Galiza industrializábase 60.000.000 de litros de leite, i— en Holanda somentes de leite condensado, outeñense 209.000.000 de litros...

Eis eiqui, expostas en mínima parte, algunhas das faces económicas do noso sufrido país. O mesmo cadro de desarranxo, abandono e incapacidade, é o que Galiza ofrece en todo o seu panorama económico. Non é pois eistrano que o índice emigratorio galego, sexa o máis outo de toda a Península; e lo remanece principalmente da presión dos baixos niveles de vida dunha terra que, debía ficar entre as máis ricas e prósperas de Europa.

## O Ballet Galego Da Coruña

E' ben sabido que o folklore nacional de Galiza é un dos grandes folklores universais, e referido a península Ibérica, pola súa riqueza e variedade, pola pureza de temas e expresión é o que máis fondo cala no sentimento e creación populares.

Nembargantes, por carecermos de grandes músicos de rango internacional, como no caso do folklore andaluz, o noso ricaz patrimonio musical popular permaneceu deicagora pouco menos que estático, limitado ás súas fronteiras naturais.

Endebén, compre sinalar o labor intenso apról da recopilación i estudo do noso folklore, e das masas corais ante as que se destaca a notabilísima "Polifónica de Ponte-

vedra" doadamente coñecida dos públicos cultos de Europa.

Tamén, debemos de dicilo, nos prometedores anos da República. Xesús Bal y Gay, o gran musicólogo galego, traballou arreo nun posíbel ballet galego, mais o trebón da guerra civil esfrangullou isa fermosa ilusión.

Asemade, Xoaquín Pérez Fernández, o celebrado bailarín e director da Compañía de danzas Hispano-Americanas do mesmo nome —vi-gués de orixe— prometeu nunha das suas estadas na Terra, estudar e por en escea un ballet galego, cousa que deicagora se non levou a cabo.

A carón distes feitos que sinalan un nobre anxeo de progredir no renascimento da personalidade cultural de Galiza como entidade nacional diferenciada, xurde o notábel "Ballet Galego da Coruña", que, nembargantes a brevedade da súa existencia baixo a xerial dirección de Xosé Manoel Rey de Viana, leva colleitado en Galiza e Hespaña sinaladísimos triunfos, o que o levou a sere contratado polo empresario do famoso Ballet Ruso pra futuras actuacións no Teatro das Nacións de París, e no Festival de Florenza, a se realizar próximamente, e unha xira por Belxica, Alemaña, Austria e Suiza.

Entre os numerosos triunfos outidos polo notábel "Ballet Galego de Coruña", figura o primeiro premio no III Festival Folklórico Iberoamericano de Cáceres, a Medalla de Ouro e o Premio da Crítica do Festival Internacional do Cine e a Danza celebrado en Valenza.

E no que se refiende a Galiza, atal é o afervado entusiasmo que provoca as suas actuacións, que pón de noto a identificación espiritual do povo coiste notábel e xá famoso conxunto artístico de danzas, que tanto prestixio lle dona a Galiza a á súa cultura diferenciada na Hespaña i en Europa.

# A ROSA VERBA

(NUESTRA PATRIA)

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Director: MANUEL PEDREIRA

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

## FIESTRA CULTURAL

N O V A S

Achase no prelo o 2º número da magnífica revista "VIEIROS", editada polo Padroado da Cultura Galega, de México.

O SEMINARIO DA CULTURA GALEGA, que funciona co patrocinio da Facultade de Letras da Universidade de bahía (Brasil), vai sacar o 1º nº da revista adicada á nosa cultura, integrando as series de edicións da dita Universidade.

"Galaxia" editará nas próximas semanas o 3º tomo do DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALEGO-CASTELAN, de D. Eladio Rodríguez González. Amais de comprender a obra até a letra Z, terá unha engadega con verbas non recollidas polo autor e un valioso apéndice con datos e informacions pra mellor coñecer o noso idioma.

Brais Pinto era un afixador galego que logo de percorrer o mundo morreu en Madride. Coma un homaxe o traballador galego, un grupo de estudantes universitarios galegos alí residentes fundaron unha entidade que leva o dito nome. Levan editado varios libros de poesía de Cribeiro, Graña, Fernández Ferreiro e outros. Agora dictan un importante curso de idioma galego.

Acaba de fundarse en Barcelona o "CIRCULO DE ESTUDIOS GALLEGOS", que rixe o xoven i entusiasta galeguista noiés Manuel Caamaño Suárez. Son propósitos da nacente entidade dar a coñecer na capital catalana os valores que siñan a personalidade nacional galega. Seus integrantes son na maoría mozos galegos alí radicados. Nas xuntanzas semanais que reaizan, debaten problema económicos, históricos, sociais e culturais da Patria. Anáis deso, dictan un curso de idioma galego.

Na universidade de Compostela fundouse recentemente unha asociación de estudantes denominada "O Galo". Ten por finalidade difundir e prestixiar a nosa cultura nas suas máis elevadas manifestacións. Próximamente reaizaran unha exposición colectiva de pintura galega, na que estarán representados pintores radicados dentro e fora de Galiza.

Citania, editora galega de Bós Aires, acaba de sacar do prelo dous libros do ictiologo galego esilado en Venezuela D. Xosé M. Mosqueira Manso. Tíduanse: "Las tortugas del Orinoco" e "La cuna gallega de Cristóbal Colón". Iste derradeiro mostranos unha rotunda documentación, amprando a tese, de "Colón gallego" de García de la Riega, ollado o tema esta vez non só polo historiador senón tamen polo home de mar.

A "ASOCIACIÓN ARGENTINA DE HIJOS DE GALLEGOS" si-gue este ano con grande eisito o segundo ciclo de idioma galego. As crases dictanse no Centro Lucense (Belgrano 1841 - Bs. As.) e están a cargo de E. Blanco Amor. Compre destacar a gran cantidade de alumnos regulares, moitos deles estudantes de Filosofía e

Letras que nin siquera son de orixen galego.

As tres máis importantes entidades galegas de Venezuela (Centro Galego, Casa de Galicia e Lar Galego) acaban de fusionarse nunha soia denominada Irmandade Galega. Preside D. Anxel Feixoo González. Compre destacar o fervor galeguista da nova Asociación. Recentemente editou unha revista adicada a Castela.

## Reorganización do Consello de Galiza

O Consello de Galiza, fundado e presidido polo ilustre guieiro da galeguedade Alfonso R. Castelao, representación viva e permanente da derradeira vontade do noso povo espresada nas eleccións, livres de Febreiro de 1936, e no Plebiscito de Autonomía de Galiza no histórico 28 de Xuño do mesmo ano, e pra soste arreo e sen acougo a loita permanente até que Galiza conquira a súa autodeterminación política como povo e como nacionalidade con personalidade propia, e dende ista posición afirmar a súa vontade de formar parte no artellamento dunha comunidade política, democrática e republicán federal ou confederal na que poidan vivir e convivir irmanados todos os povos que moran na Península Ibérica.

Mais pra conquerirmos estes propósitos, é indispensable e urxente artellar doadamente a

coordinación de todos os esforzos pra derrubar o actual réxime totalitario, dictatorial e contrario ós principios máis esenciais da liberdade e a dignidade dos povos e dos homes que opreixa.

E neste senso, o Consello de Galiza, conscente dos seus deberes a carón de Patria e do seu Povo, que teima sumar todas as vontades que coincidan co istos propósitos e desexos, que após da súa recente reorganización en base a representacións persoais colectivas, representativas das dúas Galizas, a Galiza territorial e a emigrada, que lle insuflou un ritmo máis áxil e representativo popular onde os galegos, todos e cada un, sintense parte e presentes na patriótica tarefa de traballar arreo por Galiza, coa sola exclusión dos que teiman sistemas contrarios a liberdade e democracia.

## O CONSELLO DE GALIZA TIVO UNHA ESTREVIITA CON D. FERNANDO VALERA

En misión diplomática polos países sudamericanos estivo en Bos Aires o doutor Fernando Valera Aparicio, ministro de Asuntos Exteriores do goberno republicán hespañol no exilio, con asento en París, e que preside o ilustre xeneral D. Emilio Herrera.

O doutor Valera deu unha notabel conferencia encol do intre aitoal hespañol e as suas perspectivas en futuro, no Centro Republicano Español de Bos Aires.

O ilustre visitante que é un afervado federalis-

ta concedeu unha audiencia especial estrictamente privada a unha comisión representativa da coledividade galega encabezada polo Consello de Galiza, axustándose a conversa os problemas inherentes ó goberno republicán español no exilio e, a necesidade imperiosa dunha orientación republicán federal, único vieiro pra comprensión e a grandeza da República e das nacionalidades —Galiza, Euzkadi e Cataluña— que arelan a convivencia fradernal no exercizo da súa autodeterminación.